

1 A Terra, un planeta singular

1 A Terra e a súa representación


1.1 O universo, o sistema solar e a Terra

O **universo** é o conxunto de astros ou corpos celestes que existen no espazo. Os astros son de varios tipos, como estrelas, planetas e satélites.

- As **estrelas** son corpos celestes que teñen luz propia, como o Sol; por iso, vémolos no ceo pola noite.
- Os **planetas** son corpos sen luz propia que dan voltas ao redor dunha estrela; por exemplo, a Terra, que xira arredor do Sol.
- Os **satélites** son corpos sen luz que dan voltas ao redor dun planeta; a Lúa é o único satélite da Terra.

O sistema solar é o sistema planetario do que forma parte a Terra. Comprende o Sol, oito planetas e numerosos satélites.

► O noso sistema planetario, o sistema solar.




1.2 Como se representa a Terra?

A forma da Terra é case esférica. Por iso, represéntase mediante globos terráneos. Tamén sobre un plano por medio de mapas.

Os mapas permiten localizar calquera punto sobre a superficie da Terra. Para iso, utilízanse paralelos e meridianos.

- Os **paralelos** son círculos perpendiculares ao eixe terrestre. O principal é o Ecuador, que se toma como paralelo 0° e divide a Terra en dúas metades ou hemisferios, o norte e o sur.
- Os **meridianos** son semicírculos que van de polo a polo. O principal, ou meridiano 0°, é o que pasa por Greenwich, preto de Londres.



Tarefas para progresar

▼ Usar o vocabulario

- 1** Nomea os tipos de corpos celestes que existen no espazo.

.....

.....

.....

- 2** Sinala a frase que coincide cunha definición da Terra:

- a) A Terra é, como a Lúa, un corpo celeste.
- b) A Terra é unha estrela, como o Sol.
- c) A Terra é un planeta, é dicir, un corpo sen luz propia que xira arredor da súa estrela.

▼ Interpretar a linguaxe da imaxe

- 3** Ordena esta lista de planetas dende o máis próximo ao máis afastado ao Sol: Neptuno, Urano, Xúpiter, Terra, Mercurio, Venus, Saturno, Marte.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

- 4** Escribe os planetas que teñen un diámetro inferior ao da Terra.

.....

.....


.....

- 5** Agora, escribe aqueles que teñen un diámetro superior.

.....

▼ Obter información

- 6** Completa os espazos en branco.



▼ Organizar a información

- 7** Completa este cadro resumo:

TIPOS DE CORPOS CELESTES	DEFINICIÓN

- 8** Completa estas frases:

- A Terra represéntase mediante e por medio de
- Para localizar un punto sobre a superficie terrestre utilízanse e

2 Os movementos da Terra

2.1 A rotación e as súas consecuencias

O universo e os astros que o compoñen están en continuo movemento. A propia Terra móvese constantemente e realiza dous movementos: un sobre si mesma e outro arredor do Sol.

O **movemento de rotación** é o xiro da Terra sobre si mesma ao redor dun eixe imaxinario, cuxos extremos son os polos. Este movemento tarda en completarse 24 horas (un día).

Se a Terra non xirase sobre si mesma, a metade do planeta estaría sempre iluminado e alcanzaría temperaturas altas; a outra metade da Terra permanecería na escuridade e padecería un frío extremo. Nestas circunstancias sería imposible a vida.

A consecuencia principal deste movemento da Terra é a sucesión do **día** e da **noite**.

Ademais, permítenos localizar os puntos cardinais (Norte, Sur, Leste e Oeste). Grazas a eles, podemos orientarnos na Terra.

2.2 A translación e as súas consecuencias



O **movemento de translación** é o xiro da Terra arredor do Sol. Este movemento tarda en completarse un ano (365 días e 6 horas).

Como **o ano ten 365 días**, as seis horas sobrantas acumúlanse; por iso, cada catro anos hai un **ano bisesto**, no que se engade un día ao mes de febreiro.


A consecuencia principal deste movemento da Terra son as **estacións**: primavera, verán, outono e inverno.

Ademais, como os raios solares caen máis ou menos perpendiculares e, polo tanto, quentan máis ou menos, orixínanse as distintas zonas térmicas da Terra.

► A sucesión das estacións.




► O día e a noite.



► Os puntos cardinais e a orientación.

► As zonas térmicas da Terra.



Tarefas para progresar

▼ Relacionar informacións

- 9** Relaciona estes termos e estas frases cun movementodaTerra:a)xirosobresimesma;b)primavera;c) día; d) ano bisesto; e) noite; f) xiro arredor do Sol.

Escribe as letras no seu lugar correcto, nun cadro como este:

ROTACIÓN	TRANSLACIÓN

- 10** Escribe V (verdadeira) ou F (falsa) en cada frase.

- a) A principal consecuencia do movemento de rotación é a zona cálida. ☐
- b) O movemento de rotación realízase ao redor dun eixe imaxinario. ☐
- c) O movemento de translación tarda en completarse un ano. ☐
- d) Existen catro estacións: Norte, Sur, Leste e Oeste. ☐
- e) Grazas aos puntos cardinais podemos orientarnos na Terra. ☐

▼ Interpretar a linguaxe da imaxe

- 11** Axúdate das imaxes para contestar as seguintes preguntas:

- a) En que sentido se realiza o movemento de rotación: de Leste a Oeste, ou de Oeste a Leste?

.....

- b) Por onde sae o Sol?

.....

- c) Por onde se pon o Sol?

.....

- 12** Cantas zonas térmicas existen e que nome recibe cada unha?

.....

- 13** Entre que paralelos se estende a zona intertropical?

.....

▼ Obter información

- 14** Escribe, debaixo dos debuxos, a data na que se inicia cada unha das estacións.

Verán



Inverno



Primavera



Outono



▼ Organizar a información

- 15** Completa este cadro resumo:

CONSECUENCIAS DO MOVIMENTO DE ROTACIÓN	CONSECUENCIAS DO MOVIMENTO DE TRANSLACIÓN